



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN E TRÁMITE ORDINARIO, DO SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS. APERTURA DOS SOBRES “A”(DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA) E SOBRES “B” (PROPOSICIÓN ECONÓMICA).**

ASISTENTES:

- D. JUAN MANUEL REY REY, Alcalde-Presidente do Concello, actuando como Presidente da Mesa
- D. EMILIANO FERNÁNDEZ GONZÁEZ, Arquitecto técnico municipal, actuando como vogal da Mesa.
- D. ADOLFO MÉNDEZ BALIÑAS, Encargado de Obras do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D<sup>a</sup> SUSANA VARELA ESCALONI, Interventora do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D<sup>a</sup> ANA ISABEL DEL CERRO DEL RÍO, Secretaria xeral do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D<sup>a</sup> ESTHER CALDAS BLANCO, Funcionaria do Concello, actuando como Secretaria da Mesa.

Na Casa do Concello, sendo sendo as 10:15 horas do día 9 de xuño de 2014, reúnese a Mesa de contratación do **“SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS”**, coa asistencia dos arriba indicados, co fin de proceder á apertura da documentación contida nos sobres “A” (documentacion administrativa) e “B”(proposición económica) presentada polos licitadores que concorren.

A Secretaria da Mesa informa ós membros da mesma das proposicións presentadas en tempo e forma para participar no procedemento de contratación de acordo co Informe emitido pola encargada do Rexistro de data 6 de xuño de 2014.

**PROPOSICIÓN PRESENTADAS :**

- **INERGEN SOLUCIONES, S.L.-** Proposición presentada o 05.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2277, e sobre B con rexistro de entrada nº 2278.
- **SOLTEC INGENIEROS, S.L.-** Proposición presentada o 05.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2275, e sobre B con rexistro de entrada nº 2276.
- **CAMINA INGENIERÍA, S.L.-** Proposición presentada o 05.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2272 e sobre B con rexistro de entrada nº 2273.



- **ESEN INGENIERÍA.-** Proposición presentada o 05.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2269, e sobre B con rexistro de entrada nº 2270.
- **ENXAMIO, S.L.-** Proposición presentada o 05.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2267, e sobre B con rexistro de entrada nº 2268.
- **ALTENERGY, S.L.-** Proposición presentada o 05.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2265, e sobre B con rexistro de entrada nº 2266.
- **IG CALIDAD, S.L.-** Proposición presentada o 04.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2242, e sobre B con rexistro de entrada nº 2243.
- **EUROCONTROL, S.A.-** Proposición presentada o 04.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2240, e sobre B con rexistro de entrada nº 2241.
- **ATISAE.-** Proposición presentada o 04.06.2014. Sobre A con rexistro de entrada nº 2230, e sobre B con rexistro de entrada nº 2231.
- **RENGA ENERXÍA, S.L.-** Comunicación referente ao envío da documentación mediante FAX con rexistro de entrada nº 2285 de data 05.06.2014, acreditando con resguardo a data e hora de imposición do envío na oficina de correos, de acordo coa cláusula 7ª do Prego, e proposicións con sobres A con rexistro de entrada nº 2307, e sobre B con rexistro de entrada nº 2308.

**Á vista da documentación presentada nos sobres “A” polas empresas que concorren á licitación, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade dos seus membros:  
Admitir tódalas proposicións presentadas polos licitadores.**

De seguido procédese á apertura do sobre B (oferta económica), lendo en voz alta para público coñecemento dos presentes o seu contido, co seguinte resultado:

**OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.**

- **INERGEN SOLUCIONES, S.L.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 0 €/ mes
- **SOLTEC INGENIEROS, S.L.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 119 €/ mes
- **CAMINA INGENIERÍA, S.L.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 208,50 €/ mes
- **ESEN INGENIERÍA.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 138 €/ mes
- **ENXAMIO, S.L.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 270 €/ mes
- **ALTENERGY, S.L.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 219,99 €/ mes
- **IG CALIDAD, S.L.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 235 €/ mes
- **EUROCONTROL, S.A.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 0 €/ mes
- **ATISAE .-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 225 €/ mes
- **RENGA ENERXÍA, S.L.-** Ofrece unha cota fixa mensual de: 0 €/ mes



Visto o Informe de valoración emitido pola Interventora municipal de acordo co criterio de adxudicación do contrato previsto na cláusula 8ª do prego regulador, que se transcribe:

**EXPTE: CONTRATACIÓN SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO FACTURACIÓN ELÉCTRICA**

**VALORACIÓN DAS OFERTAS**

Tipo de licitación (cota fixa)	3.600,00	€/mes
--------------------------------	----------	-------

	Licitadores admitidos	Oferta
1	INERGEN	0,00
2	SOLTEC INGENIEROS	119,00
3	CAMINA	208,50
4	ESEN	138,00
5	ENXAMIO	270,00
6	ALTERNEGY	219,99
7	IGCALIDAD	235,00
8	EUROCONTROL	0,00
9	ATISAE	225,00
10	RENGA ENERXIA	0,00

**VALORACIÓN BAIXA TEMERARIA**

a) Valoración inicial

1	INERGEN	12.000,00
2	SOLTEC INGENIEROS	13.428,00
3	CAMINA	14.502,00
4	ESEN	13.656,00
5	ENXAMIO	15.240,00
6	ALTERNEGY	14.639,88
7	IGCALIDAD	14.820,00
8	EUROCONTROL	12.000,00
9	ATISAE	14.700,00
10	RENGA ENERXIA	12.000,00

<b>Media aritmética das ofertas</b>	<b>13.698,59</b>
-------------------------------------	------------------

10% 1.369,86

Media + 10%

15.068,45

Media - 10%

12.328,73

Unha das ofertas é superior a media incrementada no 10%.

b) 2ª valoración, excluindo as ofertas superiores a media en máis do 10%

1	INERGEN	12.000,00
2	SOLTEC INGENIEROS	13.428,00
3	CAMINA	14.502,00
4	ESEN	13.656,00



ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS

ILMO. AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS  
CIF P-3600500-G

Rúa Ferrería, nº1  
Telef. 986 540002- Fax 986 530393  
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)  
e-mail:concello@caldasdereis.com

6	ALTERNEGY	14.639,88
7	IGCALIDAD	14.820,00
8	EUROCONTROL	12.000,00
9	ATISAE	14.700,00
10	RENGA ENERXIA	12.000,00

<b>Media aritmética das ofertas</b>	<b>13.527,32</b>
-------------------------------------	------------------

10% 1.352,73

Media - 10% 12.174,59

TRES das ofertas incorren en suposto de baixa temeria

#### PUNTUACIÓN

		Oferta	Puntuación	
1	INERGEN	0,00	10,0000	baixa temeraria
2	SOLTEC INGENIEROS	119,00	0,0084	
3	CAMINA	208,50	0,0048	
4	ESEN	138,00	0,0072	
5	ENXAMIO	270,00	0,0037	
6	ALTERNEGY	219,99	0,0045	
7	IGCALIDAD	235,00	0,0043	
8	EUROCONTROL	0,00	10,0000	baixa temeraria
9	ATISAE	225,00	0,0044	
10	RENGA ENERXIA	0,00	10,0000	baixa temeraria

Outorgase a puntuación de 10 puntos as ofertas de cota fixa 0 €/mes. Se para aplicar a fórmula na valoración e prelación das restantes ofertas tomamos como "valor mellor oferta" o importe 0, iso suporía a valoración con 0 puntos das restantes ofertas presentadas. A estos efectos, para valoración e prelación das restantes ofertas, a efectos de aplicación da fórmula, tórnase como "valor mellor oferta" o importe 0,1 €.

**A Mesa de contratación, visto o informe da Interventora municipal do que resulta que hai 3 empresas INERGEN, EUROCONTROL E RENG A ENERXÍA que obteñen a mellor puntuación e que incorren en baixa temeraria, acorda por UNANIMIDADE dos seus membros:**

**1º) De conformidade coa cláusula 8ª do prego regulador relativa a criterios de desempate, o desempate resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Se varias empresas licitadoras das que tiveran empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal. De persistir o empate, efectuarase un sorteo.**

**Considerando que as empresas INERGEN e RENG A ENERXÍA declaran que non dispoñen no seu persoal de traballadores con discapacidade, e**

**Considerando que a empresa EUROCONTROL declara que forman parte do seu cadro de persoal 6 traballadores discapacitados, se lle require para que no prazo de tres días hábiles,**



**ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS**

**ILMO. AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS**  
CIF P-3600500-G

Rúa Ferrería, nº1  
Telef. 986 540002- Fax 986 530393  
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)  
e-mail:concello@caldasdereis.com

---

**contados dende a recepción do requirimento, acredite o cumprimento das cláusulas de integración social coa presentación da alta dos traballadores con discapacidade xunto co certificado acreditativo.**

**Ademais, dado que a empresa declara que supliu a esixencia legal de dispoñer no equipo de máis do 2% de traballadores con discapacidade coa adopción de medidas alternativas, a empresa deberá achegar unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración coas concretas medidas ao efecto aplicadas.**

**2º) Dar audiencia á empresa EUROCONTROL, S.A. para que no prazo de tres días hábiles, contados dende a recepción do requirimento, xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, de conformidade co establecido no artigo 152.3 do TRLCSP.**

**2º) Convocar a mesa de contratación para facer proposta de adxudicación o vindeiro venres, 13 de xuño de 2014, ás 10.00 horas.**

Non sendo outro o obxecto do presente acto, dase por finalizada a sesión sendo as dez horas trinta e cinco minutos do expresado día, levantando a presente acta, do que eu, como Secretaria da Mesa, dou fe.

A Secretaria da Mesa,

Asdo: Esther Caldas Blanco.